

2. Dentro do mes seguinte á recepción do dictame do Consello de Estado ou do órgano consultivo da correspondente comunidade autónoma, os municipios ou provincias lexitimados poderán promover o conflito perante o Tribunal Constitucional, acreditando o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo anterior e alegando os fundamentos xurídicos en que se apoia.

Artigo 75 quince.

1. Formulado o conflito, o Tribunal poderá acordar, mediante auto motivado, a súa non-admisión por falta de lexitimación ou outros requisitos esixibles e non emendables ou cando estiver notoriamente infundada a controversia suscitada.

2. Admitido a trámite o conflito, no termo de diez días, o Tribunal dará traslado deste ós órganos lexislativo e executivo da comunidade autónoma da que emanase a lei, e en todo caso ós órganos lexislativo e executivo do Estado. A constitución como parte e a formulación de alegacións deberán realizarse no prazo de vinte días.

3. A formulación do conflito será notificada ós interesados e publicada no correspondente diario oficial polo propio Tribunal.

4. O Tribunal poderá solicitar das partes cantas informacións, aclaracións ou precisións xulgue necesarias para a súa decisión e resolverá dentro dos quince días seguintes ó termo do prazo de alegacións ou do que, se é o caso, se fixase para as informacións, aclaracións ou precisións complementarias antes aludidas.

5. A sentenza declarará se existe ou non vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, e determinará, segundo proceda, a titularidade ou atribución da competencia controvertida, e resolverá, se é o caso, o que proceda sobre as situacións de feito ou de dereito creadas en lesión da autonomía local.

6. A declaración, se é o caso, de inconstitucionalidade da lei que dese lugar ó conflito requirirá unha nova sentenza se o pleno decide considera-la cuestión trala resolución do conflito que declare que houbo vulneración da autonomía local. A cuestión substanciárase polo procedemento establecido nos artigos 37 e concordantes e terá os efectos ordinarios previstos nos artigos 38 e seguintes.»

Sexto. Engádense dúas novas disposicións adicionais á Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, co seguinte contido:

«Disposición adicional terceira.

1. As referencias ás provincias contidas nesta lei entenderanse realizadas ás illas nas comunidades autónomas das Illes Balears e Canarias.

2. Ademais dos suxeitos lexitimados de acordo co artigo 75 ter.1 estarano tamén, fronte a leis e disposicións normativas con rango de lei da Comunidade Autónoma de Canarias, tres cabidos, e da Comunidade Autónoma das Illes Balears, dous consellos insulares, aínda cando en ámbolos casos non se alcance a porcentaxe de poboación esixida no dito precepto.

Disposición adicional cuarta.

1. Os conflitos de competencia que se poidan suscitar entre as institucións da Comunidade Autónoma do País Vasco e as de cada un dos seus territorios históricos rexeranse polo disposto no artigo 39 do seu Estatuto de autonomía.

2. No ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco, ademais dos suxeitos lexitimados a que se refire o artigo 75 ter.1, estarano tamén, para os efectos dos conflitos regulados no artigo 75 bis desta lei, as correspondentes xuntas xerais e as deputacións forais de cada territorio histórico, cando o ámbito de aplicación da lei afecte directamente a dita comunidade autónoma.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

8928 *LEI ORGÁNICA 8/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral. («BOE» 96, do 22-4-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As modificacións da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que veñen a completar e precisa-las realizadas pola Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo, céntranse en dúas cuestións relacionadas coa mellora do goberno local:

1.^a Nova regulación das mocións de censura a nivel local introducindo unha convocatoria automática do pleno que debe discutila co fin de evita-la situación producida nalgúns casos de que o alcalde non convoque o citado pleno, obrigando os concelleiros interesados a interpoñeren os recursos xurisdiccionais correspondentes.

2.^a A introducción da cuestión de confianza vinculada a proxectos concretos, como son a aprobación dos orzamentos da corporación, do regulamento orgánico, das ordenanzas fiscais e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal. Trataríase con isto de dota-las concellos dun instrumento que permita supera-las situacións de rixidez ou de bloqueo no proceso de tomas de decisións nas materias sinaladas, que teñen a máxima transcendencia no desenvolvemento do goberno municipal.

As diferencias establecidas en función da poboación dos municipios obedecen ó distinto sistema de elección previsto en ámbolos casos.

Así mesmo, prevese a posibilidade de aplica-la cuestión de confianza por parte dos presidentes das deputacións e cabidos insulares, nos dous primeiros supostos antes indicados, así como na aprobación dos plans de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e nos plans de ordenación de ámbito insular.

A aplicación destes artigos que se modifican seguirá rexéndose polas mesmas regras actualmente contidas no artigo 209 e na disposición adicional primeira da lei.

Artigo único. *Mocións de censura e cuestións de confianza.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral:

Primeira. O artigo 197 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 197.

1. O alcalde pode ser destituído mediante moción de censura. A súa presentación, tramitación e votación desta rexerá polas seguintes normas:

a) A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número legal de membros da corporación e deberá incluír un candidato á alcaldía, que poderá ser calquera concelleiro, sempre que a súa aceptación expresa conste no escrito de proposición da moción.

b) O escrito no que se propoña a moción de censura deberá incluír as sinaturas debidamente autenticadas por un notario ou polo secretario xeral da corporación e deberá ser presentado perante este por calquera dos seus asinantes. O secretario xeral comprobará que a moción de censura reúne os requisitos esixidos neste artigo e expedirá no mesmo acto a correspondente dilixencia acreditativa.

c) O documento así dilixenciado será presentado no rexistro xeral da corporación por calquera dos asinantes da moción, quedando o pleno automaticamente convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte ó do seu rexistro. O secretario da corporación deberá remitir notificación indicativa de tal circunstancia a tódolos membros desta no prazo máximo dun día, contado desde a presentación do documento no rexistro, para os efectos da súa asistencia á sesión, especificando a data e a hora desta.

d) O pleno será presidido por unha mesa de idade, integrada polos concelleiros de maior e menor idade dos presentes, excluídos o alcalde e o candidato á alcaldía; actuará como secretario o que o sexa da corporación, quen acreditará tal circunstancia.

e) A mesa limitarase a dar lectura á moción de censura, a concederlle-la palabra durante un tempo breve, se estiveren presentes, ó candidato á alcaldía, ó alcalde e ós voceiros dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura.

f) O candidato incluído na moción de censura quedará proclamado alcalde se esta prospera co voto favorable da maioría absoluta do número de concelleiros que legalmente compoñen a corporación.

2. Ningún concelleiro pode asinar durante o seu mandato máis dunha moción de censura. Para estes efectos non se tomarán en consideración aquelas mocións que non fosen tramitadas por non reuniren os requisitos previstos na letra b) do número 1 deste artigo.

3. A dimisión sobrevida do alcalde non suspenderá a tramitación e votación da moción de censura.

4. Nos municipios nos que se aplique o réxime de concello aberto, a moción de censura regularase polas normas contidas nos dous números anteriores, coas seguintes especialidades:

a) As referencias feitas ós concelleiros para efectos de sinatura, presentación e votación da

moción de censura, así como á constitución da mesa de idade, entenderanse efectuadas ós electores incluídos no censo electoral do municipio, vixente na data de presentación da moción de censura.

b) Poderá ser candidato calquera elector residente no municipio con dereito de sufraxio pasivo.

c) As referencias feitas ó pleno entenderanse efectuadas á asemblea veciñal.

d) A notificación polo secretario ós concelleiros do día e hora da sesión plenaria substituirase por un anuncio ós veciños de tal circunstancia, efectuado da forma localmente usada para as convocatorias da asemblea veciñal.

e) A mesa de idade concederá a palabra soamente ó candidato á alcaldía e mais ó alcalde.

5. O alcalde, no exercicio das súas competencias, está obrigado a impedir calquera acto que perturbe, obstaculice ou impida o dereito dos membros da corporación a asistiren á sesión plenaria en que se vote a moción de censura e a exercerem o seu dereito ó voto nela. En especial, non son de aplicación á moción de censura as causas de abstención e recusación previstas na lexislación de procedemento administrativo.

6. Os cambios de alcalde como consecuencia dunha moción de censura nos municipios nos que se aplique o sistema de concello aberto non terán incidencia na composición das deputacións provinciais.»

Segunda. Introdúcese un artigo 197 bis, do seguinte teor:

«Artigo 197 bis.

1. O alcalde poderalle propor ó pleno unha cuestión de confianza, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

a) Os orzamentos anuais.

b) O regulamento orgánico.

c) As ordenanzas fiscais.

d) A aprobación que poña fin á tramitación dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal.

2. A presentación da cuestión de confianza vinculada ó acordo sobre algún dos asuntos sinalados no número anterior figurará expresamente no correspondente punto da orde do día do pleno, requiríndose para a adopción dos ditos acordos o "quórum" de votación esixido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para cada un deles. A votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público.

3. Para a presentación da cuestión de confianza será requisito previo que o acordo correspondente fose debatido no Pleno e que este non obtivese a maioría necesaria para a súa aprobación.

4. No caso de a cuestión de confianza non obter o número necesario de votos favorables para a aprobación do acordo, o alcalde cesará automaticamente, e quedará en funcións ata a toma de posesión de quen o houber de suceder no cargo. A elección do novo alcalde realizarase en sesión plenaria convocada automaticamente para as doce horas do décimo día hábil seguinte ó da votación do acordo ó que se vinculase a cuestión de confianza, e rexerá polas regras contidas no artigo 196, coas seguintes especialidades:

a) Nos municipios de máis de 250 habitantes, o alcalde cesante quedará excluído da cabeza de lista para efectos da elección, e ocupará o seu lugar o segundo da lista, tanto para efectos da presentación de candidaturas á alcaldía coma de designación automática do alcalde, en caso de pertencer á lista máis votada e non obter ningún candidato o voto da maioría absoluta do número legal de concelleiros.

b) Nos municipios comprendidos entre 100 e 250 habitantes, o alcalde cesante non poderá ser candidato á alcaldía nin proclamado alcalde en defecto dun candidato que obteña o voto da maioría absoluta do número legal de concelleiros. Se ningún candidato obtívese esa maioría, será proclamado alcalde o concelleiro que obtívese máis votos populares nas eleccións de concelleiros, excluído o alcalde cesante.

5. A previsión contida no número anterior non será aplicable cando a cuestión de confianza se vincule á aprobación ou modificación dos orzamentos anuais. Neste caso entenderase outorgada a confianza e aprobado o proxecto se no prazo dun mes desde que se votou o rexeitamento da cuestión de confianza non se presenta unha moción de censura con candidato alternativo a alcalde, ou se esta non prospera.

Para estes efectos, non rexe a limitación establecida no número 2 do artigo anterior.

6. Cada alcalde non poderá suscitar máis dunha cuestión de confianza en cada ano, contado desde o inicio do seu mandato, nin máis de dúas durante a duración total deste. Non se poderá suscitar unha cuestión de confianza no último ano de mandato de cada corporación.

7. Non se poderá suscitar unha cuestión de confianza desde a presentación dunha moción de censura ata a votación desta última.

8. Os concelleiros que votasen a favor da aprobación dun asunto ó que se vinculase unha cuestión de confianza non poderán asinar unha moción de censura contra o alcalde que o propuxese ata que transcorra un prazo de seis meses, contado a partir da data de votación daquel.

Así mesmo, durante o indicado prazo, estes concelleiros tampouco poderán emitir un voto contrario ó asunto ó que se vinculase a cuestión de confianza, sempre que sexa sometido a votación nos mesmos termos que en tal ocasión. Caso de emitiren o dito voto contrario, este será considerado nulo.»

Terceira. O artigo 198 queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 198.

Nos supostos distintos ós previstos nos artigos 197 e 197 bis, a vacante na alcaldía resólvese conforme o previsto no artigo 196, considerándose para estes efectos que encabeza a lista en que figuraba o alcalde o seguinte dela, a non ser que renuncie á candidatura.»

Cuarta. O número 7 do artigo 201 quedará redactado da seguinte forma:

«7. O presidente do cabido insular pode ser destituído de seu cargo mediante moción de censura, que se desenvolverá conforme o previsto no artigo 197. Pode ser candidato ó cargo de pre-

sidente calquera dos concelleiros insulares que encabecen as listas dos partidos, federacións, coalicións e agrupacións electorais na circunscrición.

Así mesmo, o presidente do cabido poderá cesar mediante a perda dunha cuestión de confianza suscitada por el ante o pleno da corporación, que se regulará polo disposto no artigo 197 bis desta lei, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

- a) Os orzamentos anuais.
- b) O regulamento orgánico.
- c) O plan insular de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal.
- d) A aprobación que poña fin á tramitación insular dos plans de ordenación de ámbito insular previstos na lexislación urbanística.

Caso de non se obte-la confianza, o novo presidente será elixido de acordo co sistema previsto no artigo 197 bis para os alcaldes de municipios de máis de 250 habitantes.»

Quinta. Engádeselle ó artigo 207 un punto 4, do seguinte teor:

«4. Así mesmo, o presidente da deputación poderá cesar mediante a perda dunha cuestión de confianza suscitada por el ante o Pleno da Corporación, que se regulará polo disposto no artigo 197 bis desta lei, vinculada á aprobación ou modificación de calquera dos seguintes asuntos:

- a) Os orzamentos anuais.
- b) O regulamento orgánico.
- c) O plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal.

Caso de non se obte-la confianza, o novo presidente será elixido de acordo co sistema previsto no artigo 197 bis para os alcaldes de municipios de máis de 250 habitantes.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se o poñan ó disposto na presente lei.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

8929 *LEI ORGÁNICA 9/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 9/1983, do 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión.* («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.